

PEZA DO MES

novembro

2008



MOEDA DA CAETRA

MOEDA DA CAETRA

DUPONDIO.

ANVERSO: Cabeza núa de Augusto mirando a esquerda, entre caduceo e palma. Lenda moi borrosa IMP: AUG. DIVI.

REVERSO: Escudo ou caetra cruzado por dous *soliferrea*, flanqueado a ambos lados por unha falcata e un puñal.

Peso: 16,16 g.

Módulo: 29 mm.

Procede da Cidade de San Cibrán de Las, descuberta na campaña de 1987, formando parte dun pequeno acubillo. O achado apareceu no interior dunha construción, englobada dentro dun conxunto mais amplo, articulado por un espacio central aberto tipo patio, tipoloxía característica deste xacemento castrexo.

Denomínase moeda da “caetra” por presentar no reverso un escudo. A “caetra” é un escudo redondo fabricado en coiro ou madeira forrado de pel e reforzado por metais. A súa utilización, apropiada para o combate en formación ou en guerrilla, remóntase a Idade do Bronce. Aparece citado polos autores clásicos como Estrabón e Polibio e formando parte do exército romano documéntanse unhas tropas compostas por hispanos coñecidas como *caetratorum cohortes*. Tamén este tipo de escudo atopámolo en toda unha serie de representacións de guerreiros castrexos, como os de Ármea. Como elemento representado en numismática, aparece en algunhas pezas emitidas con anterioridade a esta e en outras posteriores.

Con este tipo de reverso contamos cunha serie monetaria bastante completa, na que aparecen sestercios, dupondios e ases. Segundo sexa o valor da moedas levan ou non algún complemento xunto a caetra. O sestercio presenta o escudo con umbo central e no seu contorno un debuxo xeométrico que se atopa dividido en catro sectores formado por arcos de semicircunferencias. O dupondio leva ademais unha serie de armas repartidas simetricamente, unha falcata a un lado, un puñal de folla ancha ao outro, e no centro un *soliferreum*

Tanto o *soliferreum* como o *pilum* son armas ofensivas; se ben ámbalas dúas son facilmente diferenciábeis entre si, parece que o *soliferreum* ten un orixe hispánico. Outro dos elementos que entra a formar parte da composición do reverso do dupondio é a arma ofensiva-defensiva coñecida como *falcata*, arma cuxo orixe pode atoparse nos pobos mediterráneos, de onde pasaría a Hispania onde sería retomada. O feito de que todas estas armas teñan un orixe hispánico lévanos a pensar na representación dun símbolo de acatamento a Roma, como unha forma de celebrar a victoria propia Roma sobre os hispanos do Norte por Augusto

No que respecta aos ases, partindo do feito de que os anversos son moi similares, teñen dous tipos de reversos facilmente recoñecibles en función de aspectos estilísticos e formais, os de estilo coidado e os groseiros. En ámbolos dous casos presentan un escudo central con círculos recheos de radios, cun debuxo xeométrico dividido en catro sectores formados por arcos de circunferencia.


A problemática que encerran estas acuñacións de carácter militar— nas que a súa funcionalidade era abastecer ao exército que interviña na conquista do NO— foi obxecto de diversos debates, fundamentalmente no que respecta o lugar de acuñación, situando moitas veces o lugar da ceca, en función do estudio do reverso e no parecido do anverso con moedas de diferentes cecas coñecidas. Xa nos primeiros traballos, o P. Florez interpreta os reversos como un labirinto e atribúeas a ceca Carthago Nova, rectificando anos mais tarde para presentalas como emitidas en Emérita. Cnosos, Sagunto, Colonia Patricia, son algúns dos lugares propostos. Vázquez Seijas é o primeiro que propón a procedencia destas como de Galicia ou do Norte de Portugal, para concretar máis tarde que non sería raro pensar que en Lugo houbera un taller no que se realizasen estas moedas de Augusto.

A raíz das últimas investigacións, parece lóxico pensar que o lugar onde se atopa a ceca que acuña esta moeda se asente na cidade Lugo, ao menos no que se refire aos dupondios e ases de boa calidade, os que se veñen denominando a partir dos estudos de Villaronga, V2 e V3, nun momento que, en función dos títulos de Augusto aparecidos nas moedas, debe situarse entre o 27 e o 23 a. C. Para os ases groseiros tipo V4, manéxanse diferentes hipóteses: dende ser considerados como produtos dun taller itinerante, ate pensar na súa acuñación en calquera outro lugar do NO. fora de Lugo, ou que poida tratarse simplemente de copias emitidas ate o cambio de Era.

A dispersión deste tipo de moeda é un elemento máis para axudar a definir unha ruta terrestre de especial importancia para a romanización de Galicia, que procedente da cabeza da Tarraconense enlazaría co NO. a través do Val do Ebro e da Meseta Norte. A cartografía destes achados permítenos trazar unha franxa, que discorre ao norte do Douro e o sur da cordilleira cantábrica, delimitada ao occidente polas costas galegas, e estendéndose cara o oriente ate Vereia, na provincia de Logroño. Vereia foi un lugar importante nas comunicacións e nas relacións co Mediterráneo a través da vía fluvial do Ebro, situándose aquí o fin deste vía e lugar de partida das rutas terrestres cara a Mesta norte e Astúrica Augusta.

Os ases V3 circunscríbense unicamente á rexión do NO., sendo os achados da área Astorga-Rosinos de Vidriales os que marcan o seu límite de expansión cara o oriente.

Serán os ases V4 os que acaden unha maior expansión, delimitando unha área ampla cara o val de Ebro, ao tempo que tamén se documentan en todo o NO.; si como sosteñen



I: Castro de Carvalhellos, Beça (Boticas Vila Real); 2: Citania de Monte Mozinho, Oldroes (Penafiel, Porto); 3: Paços de Ferreira (Porto); 4: Castro de Alvarelhos (Santo Tirso, Porto); 5: AREA DE BRAGA- Braga, Citania de Briteiros (Guimaraes, Braga), Castro de Santo Ovidio (Fafe, Braga)-; 6: Moldes (Castelo do Neiva, Viana do Castelo); 7: Citania de Santa Luzia (Santa María Maior, Viana do Castelo); 8: Cidade de Ancora, Ancora, Afife (Caminha, Viana do Castelo); 9: Coto da Pena, Vilarelho (Caminha, Viana do Castelo); 10: Castro de Santa Tegra, A Guardia (Pontevedra); 11: Castro do Calvario, O Rosal (Pontevedra); 12: Baiona (Pontevedra); 13: Castro de Vigo, Vigo (Pontevedra); 14: Castro da Peneda do Viso, Redondela (Pontevedra); 15: A Cidade de Caneiro, Fozara (Ponteareas, Pontevedra); 16: Troña, Pias (Ponteareas, Pontevedra); 17: Castro de San Cibrán (Tomeza, Pontevedra); 18: Museo de Pontevedra; 19: Museo Arqueolóxico de Ourense; 20: LUGO; 21: Castro de Elviña, Elviña (A Coruña); 22: Colección Blanco-Cicerón (A Coruña); 23: Castro de Meirás, Meirás (Sada, A Coruña); 24: Castro de Coaña, Coaña (Asturias); 25: Valtuille de Abajo (Villadecanes, León); 26: AREA DE ASTORGA-ROSINOS DE VIDRIALES- Astorga (León), Quintanilla de Somoza (Luyego, León), San Martín de Torres (Zamora), Castro de Arrabalde (Zamora) y Benavente (Zamora)-; 27: Lancia (Villasabariego, León); 28: AREA DE HERRERA DE PISUERGA -Herrera de Pisuerga (Palencia); Dehesa de Romanos (Palencia), Amaya (Burgos), Villadiego (Burgos); 29: Museo Arqueolóxico de Valladolid; 30: Clunia (Peñalba de Castro, Burgos); 31: Uxama, Osma (Burgo de Osma, Soria); 32: Varea (Logroño, La Rioja); 33: Museo de León; 34: Coninbriga; 35: Cauca; 36: Ercavica; 37: Porto de Sabugueiro; 38: Ruccas; 39: Alcacer do Sal; 40: San Cibrán de Lás (Ourense).

A: Herrera de Pisuerga. B: León. C: Astorga. D: Rosino de Vidriales. E: Castrocalbón. F: Valdemeda. G: Lugo (?)

algúns autores, as emisións V4 acúñanse no NO. ate o cambio de Era, isto explicaría que chegasen a puntos máis afastados do NO., a medida que se foran consolidando estas relacións coa zona do Val do Ebro.

Así se explicarían, en parte as peculiares características da circulación monetaria neste territorio, onde si se toma como referencia a cidade de Lugo, compróbase como con Augusto as moedas da “caetra” representan un 60% do monetario recollido, correspondendo o 40% restante ás cecas do Val do Ebro. Si se comparan con Herrera del Pisuerga, situada o outro extremo desta franxa, constátase que en época de Augusto o peso numismático corresponde ás cecas do Val do Ebro, e será con Tiberio, cando cheguen a este asentamento as moedas da caetra V4.

Todo iso non fai máis que documentar no tempo esa dobre dirección nas relacións entre o NO. e o Val do Ebro, das acuíñacións da caetra do NO. cara o oriente, e da cecas do Val do Ebro cara occidente.

No que respecta a circulación monetaria xeral no NO., en época de Augusto e Tiberio, as moedas hispanolatinas que usualmente circulan por esta área teñen un peso específico as cecas do Val do Ebro. No caso concreto da Galicia administrativa actual, para a etapa de Augusto, o peso das cecas do Val do Ebro representa un 53%, fronte o 10% da cecas

do Sur , e un 37 de moedas da caetra. Con Tiberio tódalas pezas hispano romanas proceden do Val do Ebro, sendo Turiaso a ceca que aporta maior numerario.

Esta mesma situación que describimos para Galicia, pódese facer extensible ao veciño ámbito leonés, que se atopa no camiño de penetración ara o NO., e na mesma dinámica cultural.


As razóns que motivaron esta penetración de numismas de cecas do Val do Ebro deben de ser diferentes e concatenadas entre si. Se para a época de Augusto, parece claro que as razóns son de tipo estratéxico-militar, en relación coas guerras cántabras de expansión cara o NO., dende unha zona segura e altamente romanizada como é a da Tarraconense; con Tiberio, este camiño militar de conquista se consolida como vía “civil” de penetración de persoas, mercadorías e ideas. Atopámonos cun proceso paralelo e en relación directa coa transformación dos campamentos militares –que se localizan nunha situación estratéxica en relación coas vías naturais de comunicación– en establecementos de tipo civil, algúns convertidos en capitais dos conventos xurídicos.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana— da que quedan algunhas testemuñas fragmentarias, pero relevantes na historia da Cidade de Ourense—, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente servir ao pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na nosa páxina web:

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/museos/mapour>

ESCOLMA DE ESCULTURA

En tanto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

O horario de visita é o seguinte:

Mañá: martes a domingo, de 9,30 a 14,30h

Tarde: martes a sábado, de 16,00 a 21,00h

Permanece pechado os luns e festivos

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, a Carballeira), 32002. Ourense.

Horario de atención ao público: de luns a venres, de 9,30h a 14,30h e de 16,00h a 20,30h

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: Xulio Rodríguez González.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: Eidograf.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG 97-2004

Museo Arqueolóxico



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE